

colaboración que poidan establecer coa Administración Tributaria do Estado. Por último, no ámbito da creación de tributos propios polas CC.AA modifícase o art.º 6 da LOFCA para que as regras de incompatibilidade se refiran ao "feito imponible" e non á "materia imponible", co que se permite un espazo fiscal autonómico máis claro en relación cos tributos locais.



Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 237-239

**LEI 22/2009, DO 18 DE DECEMBRO, POLA QUE SE
REGULA O SISTEMA DE FINANCIAMENTO DAS CC.AA.
DE RÉXIME COMÚN E CIDADES CON ESTATUTO DE
AUTONOMÍA E SE MODIFICAN DETERMINADAS
NORMAS.**

Ana MARÍA PITA GRANDAL

Catedrática de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo

Carmen RUIZ HIDALGO

Profesora de Dereito Financeiro e Tributario da Universidade de Vigo

Malia os resultados globalmente positivos do sistema aprobado no Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2001 e recollido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, en termos de suficiencia e autonomía, o significativo e asimétrico aumento da poboación experimentado nos anos da súa aplicación e a aprobación das reformas dos Estatutos de Autonomía de seis CC.AA., determinaron a necesidade dunha reforma do sistema de financiamento. Esta Lei ten a súa orixe no Acordo 6/2009, de Reforma do Sistema de Financiamento Autonómico e das Cidades con Estatuto de Autonomía, acometendo as reformas que non requiren o rango de Lei Orgánica, complementando a reforma da Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de Financiamento das CC.AA. pola Lei Orgánica 3/2009.

Os eixes básicos da reforma deste novo sistema son o reforzo das prestacións do Estado do Benestar, o incremento da equidade e a suficiencia no financiamento do conxunto das competencias autonómicas, o aumento da autonomía e a corresponsabilidade e a mellora da dinámica e a estabilidade do sistema e da súa capacidade de axuste ás melloras dos cidadáns. En concreto, os principios de autonomía e corresponsabilidade refórzanse neste novo sistema mediante o aumento das porcentaxes de cesión dos tributos parcialmente cedidos ás CC.AA. e mediante o

incremento das competencias normativas destas de cara a que teñan unha maior capacidade para decidir a composición e o volume de ingresos de que dispoñen. Igualmente refórzase a colaboración recíproca entre as Administracións Tributarias das CC.AA. e a Axencia Estatal de Administración Tributaria, así como se prevé novedosamente a posibilidade de delegar nas CC.AA. a revisión en vía administrativa dos actos de xestión ditados polas súas Administracións Tributarias.

O Título III regula a cesión dos tributos estatais ás CC.AA., desenvolvendo a modificación da Lei Orgánica 8/1980 pola Lei Orgánica 3/2009, en concreto, incrementáanse as porcentaxes de cesión dos tributos parcialmente cedidos. Así se redefinen os compoñentes da débeda tributaria cedida no IRPF de acordo coa nova cesión acordada do 50%. Incrementáanse ao 50% a porcentaxe cedida ás CC.AA. do IVE e ao 58% a porcentaxe de cesión dos Impostos Especiais de Fabricación sobre a Cervexa, o Viño e Bebidas Fermentadas, os produtos Intermedios, o Alcohol e Bebidas Derivadas, os Hidrocarburos e os Labores do Tabaco. Tamén se modifica o concepto de residencia habitual para os efectos do Imposto sobre Sucesións e Doazóns, ampliando o período a considerar para a súa determinación dun a cinco anos e facendo coincidir o punto de conexión para a atribución do rendemento co que determina a normativa aplicable. Así mesmo, en relación co Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados artículáanse dúas modificacións. Por un lado, adóptase a definición do feito imponible que é obxecto de cesión na nova redacción do art.º 19 do TR ITPAJD prevista na Lei 4/2008, do 23 de decembro, pola que se suprime o gravame do Imposto sobre o Patrimonio, se xeneraliza o sistema de devolución mensual no IVE, e se introducen outras modificacións na normativa tributaria, para adaptalo á Directiva 2008/7/CE. Por outra parte, clarifícase o punto de conexión para a atribución do rendemento entre CC.AA. no caso de anotacións preventivas de embargo, cando o valor real dos bens embargados en diferentes CC.AA. sexa superior á base imponible gravada conforme ás normas do Imposto, en liña coa doutrina administrativa.

En relación coa Taxa Estatal sobre Rifas, Tómbolas, Apostas e Combinacións Aleatorias modifícase o punto de conexión como consecuencia da supresión do réxime de autorización previa para a organización e celebración de combinacións aleatorias. En canto ao Imposto sobre Hidrocarburos e o Imposto sobre a Electricidade, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio proporcionan o índice de entregas dos produtos gravados e o índice de consumo neto de enerxía eléctrica. Polo que se refire ao Imposto sobre Determinados Medios de